


1.º premio do VIII Concurso literario *Mazarelos* (2022)

Gael Uxío Proupín Cantelar

Pater Familias



Pater Familias

Vicentiño vai facer doce anos agora para o outono. Malia ser un mozo ben vizoso visto de primeiras, quen o escrute algo máis que pola comisura dos ollos darase conta de que non leva zudre nos zocos por carecer deles, sendo estes substituídos por uns pés tan cheos de terra que, de regalos, ben podían agromar carballiños. Non son a fertilidade dos pés de Vicentiño e os dentados e temidos sachos que os defenden os únicos atributos que veñen reflectir a fame do seu fogar: na súa casa non se plantan patacas nin se escoitan os gatos pola xaneira. Anacos espaxados de pantalón no remendo, unha zamarra herdada do seu avó cos petos furados e un pelo no que cando dá o sollío se ve no curuto algún movemento veñen dar testemuña dunha realidade incuestionable: casa ruín.

Porén, o *rapás da Roza*, como o chamaban aqueles que facían uso do alcume da *cas*, non tivera o seu berce en casa cativa nin ruín. Era un lume mediano que xa viña de moitas xeracións atrás e situado ós pes do montouto. Alí acudían os veciños cada vez que tocaba rozar o monte, de aí que a cas rematase por ser chamada dese xeito. A traxedia golpeara a familia cando el contaba só con catro anos. O seu pai -un heroe- fora vilmente abatido polas hordas *marsistas* en Osebe no verán de 1936 cando, xunto con outros mártires *afectos al glorioso movimiento nacional*, marchara para impedir que tomasen a estación do ferrocarril. As bágoas esvaraban polas fazulas encarnadas de ira e xenreira da súa nai cada vez que lle contaba o tráxico suceso, encadeando un salouco con outro ó se lembrar tamén da sorte do seu sogro, o avó Xulio. O seu avó consumírase coma fachuzo nunha noite de inverno. Morrera da pena após coñecer as novas da desgraza acontecida ó seu único fillo.

Dende que tiña uso de razón, Vicentiño déralle arreo ó maxín á hora de imaxinar o seu pai. Fixera o devandito exercicio milleiros de veces, xa que non contaba con ningún retrato do seu pai na casa. Tan só contaba cunha gorra de cando fixera o servizo militar en Lérez e un bretemoso recordo asociado ó alento con cheiro a

tabaco mascado. O neno laiábase de que na casa houbera gardados nunha hucha retratos e fotografías de todos os seus familiares, incluso de paisanos alleos á *cas*, mais que sobre o seu pai non houbera nen. Amolábao que se prestase sempre el a tirar fotografías, como lle tiña dito, coa voz quebrada e entre aloumiños, súa nai.

-Prométeme que vas ser guiadiño. Prométeme que sempre che hei atopar na casa cando volte.

-Si, mai.

Imaxinaba Vicentiño o seu pai cos ollos de quen fita pra un tesouro repleto de alfaias. Vía a súa face na do fachendoso don Victoriano cada vez que pasaba a par da botica que rexentaba na revolta do campo da feira, mais tamén era quen de lle furtar a identidade ó señorito do pazo dos Varela pra darlla a aquel ser co cal desexaba fortemente, máis que ningunha outra cousa, fundirse nunha aperta fraternal. Tentado estivera cando era neno de se botar ó colo dun indiano de achatado chapeu que retornaba coas alforxas cheas de azucre, mais agarrouse ó ver que o retornado levantaba o tarabelo da portela dunha casa allea. O azucre era pra outro neno, pero iso non o privou de ver tamén o seu pai no secretario do xulgado de paz, no médico que cobraba dous ferrados de millo anuais ou mesmo no garda xurado que miraba polas leiras e montes dos seus contratantes.

A súa mai tentara pórllle freo nesa febre infantil. As miradas de receo e os rostros cando o neno inquiría os señores mellor traxados da contorna eran manifestos aínda que Vicentiño, na súa inocencia, non se dese conta. Algúns mesmo reaccionaban espanto, ollando ó seu arredor por se alguén máis escoitara o fillo da *cas da Roza* facer unha pregunta de tanto aquel.

O devir da adolescencia fixera a Vicentiño comezar a comprender o mal que o pasara súa nai nas grandes fames após a guerra. Corría o verán de 1937 cando, da noite á mañá, homes que dicían ser parceiros das casas de maior fartura da contorna ignoraban os seus espaventos e reclamaban dereitos sobre os labradíos da

cas. Mesmo un día mirou en fite dende a barrela do faiado como un home con pistola ó cinto e barba afeitada agás por un bigote rixo soltaba unha trompada que deixaba a súa nai mol no chan da horta entre o repolo. Nada lle confesou nunca, pero sabía que a súa nai non sempre ía ó muíño cando dicía que ía á maquiá. Caeu da burra cando se deu conta de que case non tiñan gran que moer. Aínda así, a faltriqueira viña entón máis nutrida que de costume, pero as alforxas e o zurrón sen ápice de pan. De feito, xa non era neno cando comprendeu o que viñan significar as verbas da *Pirrela*, unha veciña filla de solteira que vivía nun caseto de par da fonte:

-María, Mariquiña, que tal lle vai o seu "estraperlo"? Gardas civís e carabineiros parece que levan a fame do demo.

Tabaco botado nun recuncho da horta, unha onza de xabrón sacado do cóis, un *cuarterón* de azucre cosido na dobra do mandil co que facer o bolo de manteiga polo santo... convertéranse todos estes xestos nunha realidade cotiá da que el non era partícipe, pero que lle axudou, cando menos, a encher algunha das roupas feitas para as medras.

Foi visitar a santa por Santa Minia. Nunha das saídas a súa nai caera e coxeaba. Nada fixo pensar a Vicentiño que unha carta da fiscalía de taxas traída polo estafeta tivese algo que ver. Ela, cunha retranca chea de dozura, botáballe a culpa ó óso do aranguelo, que precisaba graxa para lubricar ben. Por suposto, o rapaz nada dixera de ir ata Pedrouzos. Malia non ter un can, levaba dúas botellas de leite que a criada do cura debía andar a buscar ó tempo que maldicía o demo e mais súa nai. Aínda tendo vendido tres botellas rebaixadas con auga por uns patacos, tampouco é que vendesen exvotos de cera que semellasen o aranguelo. Adoitaba dicirse que os labregos pobres eran persoas feitas de caldo e remendos, mais, con doce anos, tiña visto moitas máis veces carolos de broa na auga do repolo que abrirse o salgadoiro, polo que a imaxe que levaba feita na cabeza podía non ser a máis acaída. Acaída ou non, conformouse con lle mercar a un moínante con posto

na carballeira de par do santuario unha perna que se puidese parecer en algo á da accidentada e aniñala nunha morea na que non faltaban pernas como a súa, cacholas, maos enteiras, dedos soltos ou mesmo algún carallo que o párroco pasara por alto e deixara sen agochar detrás do baldaquino.

Coñecía moitos cos que se cruzaba -malia ser saudado por poucos- mentres ía ás alancadas ata o camposanto de Brión, pero con ningún tiña xogado tanto ós pelouros coma con *Martiño de Pedro*. Era Martiño outro deses nenos que non coñecera máis xoguetes que os devanditos pelouros e os paus da estornela. Botaron un anaco de parola no cal lle contou como os seus pais lle meteran á forza carozos a un xato ata o estómago pra que inchara e, ó chegar onde o ofertante, parecese menos ruín. Tamén lle confesou que fora cachado polo notario cunha presada de peros sanmartiños no mesmo intre do furto. Porén, o seu rostro trocouse serio de súpeto e dixo:

-Oe, Vicente. Dixéronme os da Gándara que o Azorado e a súa cuadrilla forzaron a da Pesca no Xestal.

Os ollos acendéronselle de rabia. O Azorado era o xefe dunha banda dos poucos *marsistas* que quedaban sen prender despois de se botaren ó monte. Adicábanse a roubar nos vagóns do ferrocarril e a asaltar as casas reitorais nas que se sabía de mantenza. Un ser vil. Un canalla. Baldeiro. Un ninguén que obrigaba os pais a deixaren cartos baixo as pontes se non querían ver as súas fillas correr a mesma sorte que a da *Pesca*. Parroquias aldeas xa tiñan acordado no adro da igrexa montar garda polas noites gornecidos de fouces e balocos por se lles daba por subir ós hórreos ou entrar nos galiñeiros.

Subiron ó pazo de Trasouteiro. Ou ó que quedaba del. Outrora fachenda de condes, hoxe morea de pedra labrada chea de lañas e silvas. O brasón, que alguén tivera por ben erguelo de par do oco da porta, contiña a desgastada simboloxía daquelas casas ás que os devanceiros de boa parte da contorna debían levar o pan cando así ditaba o foro. Os antigos xardíns de frondosas camelias, ó igual que o

resto dos vastos labradíos e montes, foran comprados por indianos retornados e por casas de labregos fortes que botaban alí a pacer a súa habenza. Era neses agros cerrados onde os dous rapaces quedaban con outros para, literalmente, andar ás pedradas coma se dunha verdadeira contenda se tratase. Os croios dos que fixeran abasto á beira do regato eran verdadeira artillaría para rapaces que nuns anos coñecerían a crueldade do servizo de quintas: máis dun dos que arrebolaba nos seixos ese día tivera un irmao fuxido en Portugal por non ter carto para a *cuota* ou un tío que morrera intoxicado polo rancho que alí servían. Fose como for, por algún motivo inexplicable, estas liortas non abrían novas bocas no panteón. Non é que se visen poucos cornos nacer no mesmo campo de batalla ou mazaduras aflorar, mais nunca se viu unha familia de loito por algún deses rapaces.

Viuse cercado entre un mazón e a boca da traída de augas do pazo. Subir polo mazón suporía ser esnaquizado polo inimigo. Sabía que había varios deles asexando detrás dun sabugueiro e, cando menos, outro máis debaixo dun ameneiro retorto. O mazón supuña unha desvantaxe en altura que non ían perdoar, polo que se meteu baixo o lintel da traída.

Nunca tivo medo da escuridade. Non así dos morcegos, mais nese momento non debían estar na traída ou a presenza de Vicentiño non era abondo para facelos saír a fume de carozo. Sabía que a traída remataba nun arró próximo ó valado do pazo por onde podía dar a volta e retornar ós agros da contenda, polo que todo era continuar chapuzando na auga cos seus pés descalzos ata dar coa luz da boca de saída. Nunca chegou. Non levaba camiñado máis de cinco minutos cando unha man sucia afogou un berro irto e algún tipo de tea de cheiro balorento lle cubriu a cabeza.

-Camiña dereito e caladiño.

O corazón escindíraselle do corpo e decidira dar un concerto propio ó que pouco despois se lle uniría a pálpebra do ollo dereito. Notaba as pernas frouxas, mais a mao que o agarraba polo cóbado non o deixaba caer á par que lle deixaba as

marcas das unllas. Pensou no que lle dixerá súa nai sobre voltar sempre á casa e ser guiadiño e non puido senón que botarse a chorar, enchéndoselle a boca coas boliñas que a tea soltara ó humedecerse e pegárselle ó rostro. Quería pedirlle a aquel home que o deixase ir, que nunca máis voltaría xogar ás pedradas, nin achegarse nunca máis ó pazo, pero tiña medo de que faltar ás peticións do secuestrador tivese consecuencias nefastas. Camiñaron arreo, aínda que calcular o tempo nesas circunstancias era inviable. Si notou, pola contra, o paso da auga á herba mollada nos seus pés descalzos e, mesmo, tropezou co que debía ser unha árbore caída.

Detivéronse. Asubiou. Avanzaron outro pouco, atoulle as maos e obrigouno a axeonllarse advertíndoo de que non se lle ocorrese berrar ou botar a correr.

Oíase un fío de voces e uns pequenos estoupidos que lembraban o crepitar das lapas.

-Tráeme o mozo onda min, Coudiño.

O bandido que deu a orde comezou a desatarlle as mans. Era menos arado que o anterior, aínda que padecía dun lixeiro tremor nos dedos. Quitoulle a tea que lle puxeran na cabeza para privalo de ver. A escuridade total tornouse nunha escuridade máis tenue e, nuns primeiros instantes, borrosa. Collían corpo e realidade as voces que escoitara cando o privaran de ver. Un medio círculo de homes quentaba as maos con murnas ás mancheas a carón do lume mentres o fitaban embobados. Eran homes barbados na maioría, aínda que tamén había algún lampo que tería poucos anos máis que Vicentiño. Abondaban os dentes picados e as unllas ennegrecidas entre eles. Pasaban unha botella de augardente por escrupulosa orde.

-Xírate. Mira para min.

Púxose á súa altura e mirouno directamente ós ollos. Era un home igualmente barbado, aínda que cun chapeu e dúas correas de coiro que termaban de dous

british bulldog que lle outorgaban unha certa autoridade con respecto ó grupo. Conservaba, a diferenza dos outros, a dentadura enteira e tiña xa algún pelo branco espallado polo queixo.

-Sabes quen son?.

Achegouse ata que a cara quedou a pouco máis dun palmo. Chegoulle entón un cheiro a tabaco mascado.

-O... O Azorado,

-Dálle a volta, Vicentiño..